

Como melloramos a formación para o emprego?

Jesús Manuel Rodríguez Buján

Xefe do Servizo de Ordenación e

Formación Profesional

Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria




UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA
DE GALICIA

Itinerarios LOMCE




Sistema educativo estructurado e flexible

- O sistema educativo está moi estruturado:
 - Ensinanzas, currículos, calendario escolar, repeticións, requisitos de acceso ás ensinanzas, etc.
 - En ocasións, isto pode provocar pouca adaptación, dificultades para a promoción de curso, abandono das ensinanzas, etc.
 - Persoas sen título teñen dificultades para continuar ou entrar no sistema educativo. Están en risco de exclusión social.
- O sistema educativo dispón de medidas para estes casos.

Sistema educativo: formación para o emprego

- Toda a formación do sistema educativo é conducente ao emprego.
- A FP:
 - É a ensinanza que prepara para profesións específicas.
 - Constitúese como un instrumento fundamental para loitar contra a pobreza e a exclusión social.
- Títulos:
 - 28 de FP básica (nivel I).
 - 55 de grao medio (nivel II).
 - 88 de grao superior (nivel III).

Formación profesional: formación e acreditación



Formación profesional básica

- Pódese obter o título de FP básica desde fóra do sistema educativo? En que circunstancias?
 - Persoas maiores de 22 anos que teñan acreditadas todas as UC do título profesional básico, a través de:
 - Certificados de profesionalidade de nivel 1.
 - Polo procedemento de avaliación e acreditación de competencias profesionais.

Ciclos formativos de grao medio e de grao superior

- Pódense cursar ciclos de grao medio e de grado superior sen cumprir os requisitos de acceso?
 - Si, parcialmente (artigo 8 da Orde do 15 de xuño de 2016):
 - Coa finalidade de facilitar a formación permanente, **a integración social e a inclusión de persoas e de grupos desfavorecidos no mercado de traballo**, poderase matricular en módulos profesionais asociados a unidades de competencia.
 - Será preciso acreditar unha experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo de dous anos nunha actividade laboral directamente relacionada co sector profesional do ciclo formativo que desexen cursar.

Oferta de títulos de FP

Réxime e modalidades de formación

Réxime
ordinario

Presencial

Curso completo

Réxime para as
persoas adultas

Presencial

A distancia

FP Dual

Parcial por módulos

Sen requisitos académicos con experiencia laboral, pódense realizar módulos asociados a unidades de competencia

Formación específica para determinados colectivos

- Artigo 26º do Decreto 114/2010, polo que se establece a ordenación da FP en Galicia.
 - Poderanse realizar ofertas formativas dirixidas a **persoas discapacitadas**, xente nova con **fracaso escolar**, persoas con **risco de exclusión social** e outros colectivos específicos.
 - As devanditas ofertas, ademais de incluír módulos asociados ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, poderán incorporar módulos apropiados para a adaptación ás necesidades específicas do colectivo beneficiario.

Programas formativos de nivel I

- **Dirixidos a:** alumnado con NEE, escolarizado en centros de educación especial.
- **Duración:** un curso académico.
- **Módulos:**
 - Módulos de títulos de ciclos de FP básica.
 - FCT (160 horas).
- **Adaptacións curriculares:** nalgúns módulos, para atender as necesidades do alumnado.
- **Flexibilización modular.**

Programas formativos de nivel I

- Dan lugar, como mínimo, a unha cualificación profesional e, xa que logo, a un certificado de profesionalidade.
- O alumnado pode continuar a súa formación nun ciclo de FP básica.

Acreditación da experiencia profesional, para que?

- Existe un volume importante de persoas con experiencia profesional ou con aprendizaxes non formais que non dispoñen de certificación oficial das súas competencias.
 - Pode provocar situacións de risco de exclusión, en especial en colectivos como:
 - Traballadores/as desocupados/as.
 - Mulleres.
 - Inmigrantes.
 - Persoas con discapacidade.

Acreditación da experiencia profesional ou da formación

- Proxecto con Fademga e outras asociacións.
 - Acreditar a experiencia profesional ou a **formación non formal** de colectivos específicos.
 - Persoas que realizan formación non formal en asociacións ou institucións para persoas con NEE ou discapacidade.
- **Obxectivo:** acreditar unidades de competencia de títulos de formación profesional básica.
 - Obter certificacións parciais ou totais de certificados de profesionalidade ou títulos.

Plan de emprendemento

Programa emprende

- Incluído dentro do eixe estratéxico 3:
“Fomentar e apoiar a empresarialidade”,
do Plan de Emprendemento no sistema
educativo de Galicia –Eduemprende-.
- Constituído pola **Rede Galega de
Viveiros de Empresas en Centros
Educativos**
 - Fomentar o espírito emprendedor.
 - Promover a creación de empresas.
 - Mellorar a empregabilidade.

Rede Galega Viveiros de Empresas

Localidade	Viveiro
A Coruña	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto.
	CIFP Someso.
	CIFP Paseo das Pontes.
Ferrol	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro.
	CIFP Ferrolterra.
Fene	IES de Fene.
Ribeira	CIFP Coroso.
Santiago	CIFP Politécnico de Santiago.
Lugo	CIFP Politécnico de Lugo.
	CIFP As Mercedes.
Ribadeo	CIFP Porta da Auga.

Rede Galega

Viveiros de empresas

Localidade	Viveiro
Ourense	CIFP Portovello.
	CIFP A Farixa.
	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel.
Pontevedra	IES Luís Seoane.
	CIFP A Xunqueira.
	CIFP A Granxa.
Vigo	CIFP Manuel Antonio.
	IES Ricardo Mella.

Ensinanzas de adultos: ESO, bacharelato e outras formacións

- Permite que as persoas adultas poidan adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e as súas aptitudes:
 - Niveis 1 e 2: persoas sen titulación. Formación básica para persoas que desexen acceder á ESA.
 - ESO e Bacharelato.
 - Outras ensinanzas:
 - Aulas mentor, castelán e galego para inmigrantes, probas para a obtención de títulos.
- **Centros: 86.**

Orientación educativa e profesional

- Rede de orientación educativa e profesional:
 - Orientador/ora en todos os centros de educación secundaria (IES) e en todos os CIFP.
 - Centros de primaria de 12 ou máis unidades.

Que está funcionando e que debemos mellorar?

- Que está funcionando?
 - Ampla oferta de formación e gratuíta.
 - Flexibilidade no sistema educativo; amplas posibilidades de acceso á formación.
 - Procedemento de acreditación de competencias.
 - Ensinanzas de adultos.
 - Viveiros de empresas.
- Que debemos mellorar ou non funciona?
 - Orientación profesional, especialmente dando a coñecer os servizos de orientación.
 - Ampliación da FP dual: formación práctica en empresas, con remuneración para as persoas.
 - Potenciar a FP.

As ensinanzas de Formación profesional

Debe ser a **vía maioritaria** de obtención dos niveis de cualificación cara os que evoluciona a empregabilidade.

Constitúe unha das medidas máis importantes na loita contra o **abandono escolar, e a exclusión social.**

Os titulados de FP serán **os Profesionais de prestixio** que conformen a sociedade futura e os que modernicen e tecnifiquen as solucións aos novos retos.

É necesario manter e potenciar a matrícula en FP.

Grazas pola súa atención

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

www.edu.xunta.es/fp



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA
DE GALICIA